

SESIÓN ORDINARIA DE 30 DE XUÑO DE 2.010

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e dez minutos do día 30 de xuño de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D^a Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez, D^a Vitoria Fernández Vigo e D. Arcadio Lombao Román, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Ausente: dona Dulce María Neira Fraga.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DE 26 DE FEBREIRO E 30 DE ABRIL DE 2010.

Ponse de manifesto ós membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas os días 26 de febreiro e 30 de abril de 2010, cuxas copias se remitiron aos Concelleiros adxuntas a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación das citadas actas. Realizada a votación, quedan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE PARA O EXERCIZO DA ACTIVIDADE PRIVADA.

O sr. Alcalde propón ao Pleno o outorgamento de autorización a arquitecta municipal para o desenvolvemento de actividades privadas, dado que ten unha adicación parcial correspondente ao 80% da xornada laboral.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, considera que sería convinte que esa adicación parcial fose adicación completa, xa que o servizo de urbanismo é mellorable e precisa dunha atención máis personalizada aos veciños.

Considera que sería preciso un informe de Secretaría onde se precise se é posible tal compatibilidade e, de ser posible, se o sería en tódolos casos. Pon o exemplo de que a arquitecta informe un proxecto redactado por ela mesma.

O voceiro do grupo municipal do BNG dí compartir os argumentos expostos polo voceiro do PSdG, ratificando a conveniencia de que adicación fose exclusiva, xa que algúns expedientes teñen un retraso considerable na súa tramitación.

Neste intre incorpórese a concelleira Dulce María Neira Fraga.

Tamén pon de manifesto os problemas que poidan xurdir en relación coa imparcialidade no exercizo das suas funcións.

O sr. Pardo considera que non é o mellor momento económico como para ampliar a xornada do arquitecto. E recorda que estamos nun contexto económico gravísimo, con recorte de salarios dos funcionarios, polo que a ampliación dos custes de persoal non é o máis coherente.

Considera que o servizo de urbanismo funciona razoablemente ben, e recoñece que é mellorable como tódolos servizos públicos. Agora ben, a mellora do servizo pasa por contratar máis personal ou ampliar a súa adicación, e iso non é economicamente posible hoxe.

Como é evidente, a autorización de compatibilidade non permite que a arquitecta redacte proxectos para o termo municipal de Outeiro de Rei ou nos que teña que informar o concello. Esta é unha prohibición evidente.

Por outra banda, a actividade urbanística redúxose drásticamente por mor da crise, polo que o persoal existente é quen de atender o servizo sen problemas.

O voceiro do grupo municipal do BNG considera que o incremento de custe debería sacarse de outras partidas, xa que é cuestión de priorizar. A atención ao público, por exemplo, é moi deficiente, a xente ten que agardar moito tempo para ser atendida.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, considera que o soldo da arquitecta é moi elevado para os tempos de crise nos que nos atopamos. Por outra banda, un funcionario, e máxime en asuntos coma o urbanismo, tense que adicar ao 100%. A necesidade é evidente, e propón que co aumento se incremente o horario de atención ao público, fixando, polo menos, dous días a semana.

O sr. Alcalde replica que a atención ao público é equivalente ao do Concello de Lugo, a pesares de que dispón de moi superiores medios persoais e técnicos. Polo que respecta ao salario móvese dentro das contías propias dos funcionarios dese nivel.

Insiste que aquí se está a tratar o outorgamento da compatibilidade, con pleno respecto dos límites propios de toda compatibilidade, e non a adicación total ou parcial da arquitecto, que está así fixada dende o primeiro día para gusto ou disgusto da propia funcionaria.

Rematado o debate, sométese a votación o outorgamento da compatibilidade solicitada.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación autoriza a arquitecta municipal para o exercizo de actividades privadas, na modalidade de exercizo de actividade profesional libre como arquitecto, con seis votos a favor pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular e cinco abstencións.

3. ALTA DE ENTIDADE DE POBOACIÓN.

O terceiro punto da orde do día consiste, tal e como informa o sr. Alcalde, na alta da urbanización Triacqua como entidade de poboación ante o INE.

O voceiro do BNG plantexa a conveniencia de facer un inventario de entidades de poboación, coa finalidade de dar de alta como tales a algúns barrios que non figura dados de alta no INE.

Rematado o debate, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“aprobar a alta da urbanización Triacqua como entidade de poboación”.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

4. DESAFECTACIÓN DO TRAMO DE CAMIÑO QUE DISCURRE ENTRE AS PARCELAS 806 E 763 DO POLÍGONO 31.

O sr. Alcalde pon de manifesto aos srs. Concelleiros o expediente de desafectación tramitado, que pretende desafectar un tramo de camiño reflectido no catastro e que a día de hoxe non ten saída.

O voceiro do PSdG-PSOE, pregunta se se tivo en conta a opinión do propietario da parcela a que dá acceso dito tramo de camiño e que, de producirse a desafectación, quedaría sen servicio.

O sr. Pardo Lombao resposta que se notificou a tódolos interesados, incluído o propietario desa parcela, e se publicou no BOP, tal e como consta documentado no expediente. Como non se presentou ningunha alegación, entendemos que ningún se opón a dita desafectación.

Por outra banda, o concelleiro D. Serafín Vázquez Arias informa que dito camiño non existe na actualidade, xa que cando se construíu a nova estrada pechouse polos propietarios.

Pregunta o voceiro do BNG quen é o solicitante, cómo se sabe que é municipal e se está inventariado.

Resposta o sr. Alcalde que o solicitante é don José Manuel Losada Roibás, e que se ben o camiño non está inventariado presuponse a súa existencia porque aparece reflexado no catastro. E aínda que a práctica demostra que o catastro non sempre se cinxe á realidade, por prudencia e respecto aos posibles interesados tramitouse o expediente.

Rematado o debate, sométese a votación a desafectación do tramo de camiño que discurre entre as parcelas 806 e 763 do polígono 31.

Realizada a votación, a desafectación resulta aprobada con nove votos a favor e duas abstencións, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG.

5. DESAFECTACIÓN, PERMUTA E AFECTACIÓN DUN TRAMO DE CAMIÑO EN FOLGUEIRA.

Dado que ten interés personal no asunto que se vai tratar de seguido, o sr. Pardo Lombao anuncia a abstención na votación.

Non obstante, primeiro explica o contido do expediente, iniciado a solicitude de dona María del Pilar García Peña, xa que actualmente o camiño lle parte a propiedade e discurre xusto pola veira da casa.

Coa modificación proposta, o camiño en troques de discurrir polo linde entre a parcela 171 e 166, discurriría entre a parcela 171 e 173, 185, 184, 175 e 174, que son da miña propiedade.

Con esta modificación, o camiño gaña en anchura, que acada 7,50 metros, e en superficie, que pasa de 633,77 m² a 1.174,87 m², a metade dos cales, aproximadamente, segréganse das parcelas da súa titularidade e do seu pai xa falecido, e se ceden gratuitamente para a ampliación do camiño.

O sr. Arcadio pregunta cal é o estado do camiño e cómo vai quedar.

O sr. Pardo Lombao dí que o camiño xa está feito, pavimentado en area como a anterior, pero en mellores condicións.

Non xurdindo debate, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Aprobar o expediente de alteración da calificación xurídica do tramo de camiño público que discurre entre as parcelas 171, 170, 166 e 358 do polígono 17 do Concello de Outeiro de Rei, así como a simultánea afectación ó dominio público viario dunha franxa de terreo de anchura homoxenea e de superficie de 1.174,87 m² a discurrir polo linde norte da parcela 171 e linde sur das parcelas 187, 185, 184, 173, 175 e 174, de xeito que se acade a continuidade vial do camiño 27039A01709006”

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada por dez votos a favor e a abstención na votación do sr. José Pardo Lombao.

6. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCIZO 2009.

Os concelleiros tense por enterados do contido da liquidación do orzamento correspondente ao exercizo 2009.

7. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCIZO 2010.

Iníciase o debate coa defensa do orzamento polo sr. Alcalde, quen xustifica o retraso na aprobación na situación de dependencia financeira das entidades locais con respecto das restantes Administración públicas.

Califica o orzamento como equilibrado, austero e moi axustado a realidade.

A pesar da situación económica na que nos atopamos, o orzamento mantén o gasto en persoal, coa finalidade de manter os postos de traballo creados, o que é transcendental nun momento como o actual no que o desemprego é dramático.

Mantense os gastos correntes para a prestación de servicios, xa que un dos obxetivos é manter o nivel de calidade prestado ata o momento.

O gasto de inversións, tendo en conta que non se orzamentan as previsións de urbanización de polígonos, é considerable, e acada os 820.000 euros, aos que hai que engadir os proxectos presentados polo concello e que executará a Xunta con cargo a fondos propios e que suman outros 500.000 euros.

Conclúe que é un bo orzamento, xa que a pesares da situación económica na que está sumida España, permite manter os servicios, o emprego e o nivel de inversións.

O voceiro do grupo municipal socialista destaca que presentar un orzamento a finais do mes de xuño evidencia unha escasa capacidade de xestión municipal, ao tempo que convirte o orzamento nunha liquidación de medio ano e previsión do outro medio.

Por outra banda, apunta que a liquidación do orzamento do ano pasado arroxou un déficit de 424.413 euros e un balance do remante de tesourería negativo en 132.733 euros, o que condiciona fortemente o orzamento do ano 2010, que ten que prever un superhábit inicial igual ao déficit do remanente de tesourería.

Xa na aprobación do orzamento do ano anterior denunciouse no informe de Intervención e por este grupo municipal un profundo desequilibrio estrutural entre ingresos e gastos e a existencia dun remanente de tesourería ficticio.

Esta situación confirmase coa liquidación daquel orzamento e, co proxecto de orzamento que se trae agora ao pleno, mantense para o ano en curso.

Destaca que no presente orzamento non se fai caso dos informes de Intervención, xa que non se prevé unha separación contable axeitada dos gastos con financiación afectada, particularmente dos financiados con cuotas de urbanización.

Destaca que, en relación as previsións de ingresos de cuotas de urbanización, o desfase do ano pasado foi de un millón de euros, e que nin a propia interventora pode explicar xa que non existe un mecanismo de control claro.

Tamén quere saber a qué se corresponde a recadación de imprevistos, ou a qué se adicou a partida de ingresos de familias e institución sen ánimo de lucro, cunha

recadación de 21.266 euros, e se a previsión de gastos para altos cargos é unicamente para o sr. Alcalde ou tamén para os restantes concelleiros.

Por último, pregunta se este ano se ten previsto creto para a partida 481, para premios e becas.

O voceiro do grupo municipal do BNG asegura que o retraso na confección do orzamento o convirte nunha liquidación.

Asemade, recorda que xa o ano pasado a interventora municipal fixera un informe no que se puña de manifesto o desequilibrio na xestión económica municipal e ao que non se lle fixo moi caso. Este ano está a acontecer o mesmo.

Por outra banda, solicita que se lle explique porqué a contía do convenio urbanístico de 610.000 euros non se reflexa nos estados de ingresos, ou porqué a contía do convenio de Begasa de 250.000 euros non se orzamenta na súa totalidade no estado de ingresos.

O informe de Intervención pon de manifesto un descontrol na xestión orzamentaria municipal, e un grave desaxuste entre as previsión iniciais e a recadación definitiva en algunhas partidas, coma a de taxas e cuotas de urbanización.

En definitiva, este proxecto é o resultado dunha mala xestión económica e o seu grupo non pode apoialo.

O sr. Alcalde defende a tardanza no feito de que o concello depende economicamente das transferencias de outras Administracións, e que ultimamente non aportan moita confianza ou seguridade, baixando as aportacións a toro pasado. Basta observar a baixada de financiación con cargo a participación nos tributos do Estado que se produxo o ano pasado, e que de por si sóla xa é quen de explicar o remanente de tesourería negativo.

Pois ben, este ano o Estado mantén o recorte, ao que se lle engade a baixada de recadación de tributos propios debido a baixada da actividade económica.

Non obstante, o concello, cunha previsión estricta e prudente, é quen de manter a financiación dos servicios e o nivel de inversión e, ademáis, enxugar o déficit do ano pasado cunha previsión de superhábit orzamentario, e todo elo cunha débeda insignificante nun contexto de endebedamento estatal moi preocupante.

Non existe mala xestión, e recorda que o déficit do ano anterior é inferior a baixada de financiación do Estado, polo que de manterse a aportación do Estado, non existiría déficit.

O informe de intervención fáiselle caso, e a proba está na aprobación dun orzamento con superhábit incial na contía recomendada.

Sí que existe desfase entre previsións de ingresos e recadación efectiva, fundamentalmente na participación nos tributos do Estado, nas taxas vencelladas a actividade económica ou nas cuotas de urbanización.

Neste último caso, se ben non se recadou o importe previsto (un millón de euros) tampouco se gastou, polo que non redunda no déficit.

O orzamento claro que está condicionado, xa que a financiación do Estado, por poñer un exemplo, condiciona moito a súa confección.

Conclúe asegurando que é un orzamento equilibrado cun endebedamento casi nulo, que permite manter o nivel de inversión e de calidade dos servicios e manter o emprego creado, polo que propón a súa aprobación.

O voceiro do grupo municipal socialista di que coñece perfectamente que o desfase débese ao RA-49, que non se ingresou nin gastou, pero o que é triste é que non poida sabelo a Interventora, o que evidencia un pésimo control do gasto.

Por outra banda, afirma que non pode estar de acordo cun orzamento que se nutre de ingresos con fórmulas inxustas, tal como é o caso da taxa por enganche ao servizo de abastecemento de auga. Partida que, por certo, preveía unha recadación de 173.000 euros e recadou únicamente 33.000.

Este desfase entre previsións de ingresos e recadación se repiten en partidas coma a do IBI ou da taxa por outorgamento de licencia de primeira ocupación.

O voceiro do grupo municipal do BNG, pregunta de qué traen causa as previsións de 610.000 euros do convenio con PRETHOR, os 250.000 euros do convenio con BEGASA e os 250.000 euros de Matela. E se ditos ingresos se atopan afectados as inversións previstas, que son un 50% inferiores as do ano pasado.

Asemade, pídelle ao sr. Alcalde que recoñeza que, se ben a situación económica estatal inflúe na situación da facenda do Concello, algo tamén terá que ver a súa xestión política como Alcalde, xa que, como dixo anteriormente, gastar é unha decisión política.

Conclúe que o orzamento mantén unha liña de continuísmo cos orzamentos anteriores, caendo nos mesmos erros e afondando a penuria económica do concello.

Intervén o sr. Alcalde, que resume o debate no feito de que os voceiros da oposición centráronse en falar da liquidación do orzamento do ano pasado en troques de falar do proxecto de orzamento que se trae a debate.

Non presentaron nin unha proposta de tocar esta ou aquela partida. O sr. Varela primeiro pregunta a qué se debe un desfase de un millón de euros e acto seguido asegura que coñece perfectamente que se debe a que non se executou o polígono do RA-49. Pero de falar do orzamento nada.

E para comprobar que existe un control real do gasto, só hai que ter en conta que o Estado baixou a financiación en 150.000 euros mentres o déficit é únicamente de 114.000 euros, e todo cun endebedamento moi baixo, case inexistente.

A taxa por acometida ten por obxecto igualar as condicións de acceso ao servizo a tódolos veciños do concello de Outeiro de Rei, xa vivan nas urbanizacións, no núcleo ou no rural. E parece mentira que se opoñan a esto chamándose socialistas.

O convenio con PRETHOR deberían coñecelo todos, xa que pasou por este Pleno xa dúas veces, como convenio de planeamento incluído na modificación do Plan Parcial de Matela.

O convenio con BEGASA asinouse fai pouco tempo para financiar as obras de conexión dos polígonos coa futura subestación. Ditas obras consisten na canalización ata o límite con Rábade.

Sí que existe unha liña continuista co feito nos últimos anos, xa que os veciños refrendan este xeito de traballar dende hai varios anos, e nos temos a obriga de cumprir o mandato dos veciños.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación do orzamento xeral do Concello para o ano 2010.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con seis votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e cinco votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

8. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP, CON NÚMERO DE REXISTRO EN ENTRADA 2.158.

O sr Pardo Lombao, en calidade de voceiro do grupo municipal do PP, inicia a defensa da moción presentada, e do seguinte teor literal:

“MOCIÓN SOBRE A REDUCCIÓN DE SALARIOS DOS CARGOS ELECTOS E ALTOS CARGOS LOCAIS

O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As graves dificultades económicas e de paro que vive o noso país e o desmesurado déficit público, obrigan a adoptar medidas extraordinarias e solucións coordinadas. Cómpre implementar, con urxencia, medidas necesarias e coherentes para afrontar a maior crise do último medio século, e procurar acadar a redución do déficit público. Calqueira plan estaría incompleto de non ir acompañado de actitudes tendentes a paliar os perxudiciais efectos da crise.

É nese marco, que o PPdeG, liderando as iniciativas e as medidas de austeridade contra a crise, impulsa a redución das retribucións salariais dos cargos electos locais e altos cargos dos gobernos locais, mediante a aplicación de criterios e

escalas individuais e progresivos, dacordo coa seguinte taboa, que é froito do acordo acadado pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), na Comisión Executiva do 24 de maio:

| <i>SALARIO TOTAL</i> | <i>REDUCION</i> |
|---|-----------------|
| <i>Entre 81.155 e 91.982 € o superior</i> | <i>15%</i> |
| <i>Entre 73.682 e 81.155€</i> | <i>10%</i> |
| <i>Entre 64.606 e 73.682 €</i> | <i>9%</i> |
| <i>Entre 54.615 e 64.606€</i> | <i>8%</i> |
| <i>Entre 54.615 e 41.055€</i> | <i>7%</i> |
| <i>Entre 41.055 e 27.495 €</i> | <i>6%</i> |
| <i>Entre 27.495 e 13.935€</i> | <i>5%</i> |
| <i>Entre 13.935 e 11.827€</i> | <i>4.50%</i> |
| <i>Entre 11.827 e 10.264€</i> | <i>2.70%</i> |
| <i>Entre 10.264 e 7.209€</i> | <i>2 %</i> |
| <i>Entre 7.209 e 6.581 €</i> | <i>0.25 %</i> |

Esta medida de redución das retribucións, se aplicará a salarios de Alcaldes/esas, concelleiros/as e altos cargos dos gobernos locais, tomando como base a cuantía efectivamente percibida.

*Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no Concello de OUTEIRO DE REI somete á consideración do Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes acordos:
PROPOSTA DE ACORDOS:*

PRIMEIRO : Que o Pleno do Concello de OUTEIRO DE REI, e tras os trámites pertinentes, acorde a aplicación das porcentaxes de redución das retribucións salariais do Alcalde/esa, concelleiros/ as e altos cargos, de xeito progresivo e individual, segundo a táboa que consta na parte expositiva desta moción.

SEGUNDO : Que se dea traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, os portavoces parlamentarios nas Cortes, o Presidente da Xunta e o Parlamento de Galicia.”

Rematada a defensa, fai uso da palabra o sr. Arcadio, voceiro do grupo municipal do BNG, quen expresa que, se ben parécelle ben que se solidarice no salario, recorda que os cargos electos cobran tamén en dietas, e polo tanto considera convinte que se baixe tamén as dietas.

O sr. Varela, voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, manifesta a súa adhesión ao contido da moción, que coincide coa proposta aprobada pola FEGAMP, na que ten representación tódolos grupos políticos. Outra cousa é as dietas, que sería convinte aprobar unha regulamentación deste xeito de retribución.

O sr. Pardo propón ampliar a moción para baixar nun 50% a contía das dietas de media xornada e exclusivamente para o Alcalde, non para o resto dos concelleiros, xa que o Alcalde ten unha adicación e os outros concelleiros non.

Expresa o rechazo a que os funcionarios locais, concelleiros e a poboación en xeral teñan que estar sufrindo as consecuencias dunha política económica desastrosa, na

que chagamos a niveles inauditos, no que o que se publica no BOE un día se tacha con títex ao día seguinte, e mentres un ministro di que foi un erro tipográfico o outro asegura que rectificar é de sabios.

Non obstante, e chegados a esta situación desastrosa, asegura que non lle importa, cando vai a Santiago ou a outros organismo, en vez de comer en prato, comer de bocadillo. E moito menos en estes tempos nos que hai moita xente que non ten salario nin xeito de telo.

O concelleiro don Serafín informa que as dietas non son formas de retribución, senón indemnizacións por razóns dos gastos nos que incurre a persoa para desempeñar as funcións públicas, pero non retribucións polo traballo.

O sr. Pardo di que xa o sabe, pero que quere baixarse, ademais do salario na porcentaxe correspondente, as citadas dietas da Alcaldía nun 50%.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita coa modificación expresada no relativo as dietas da Alcaldía.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

9. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, CON NÚMERO DE REXISTRO EN ENTRADA 2.179.

O sr Arcadio, en calidade de voceiro do grupo municipal do BNG, inicia a defensa da moción presentada, e do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román e Dulce M8 Neira Fraga, Concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte

MOCIÓN CONTRA OS RECORTES SOCIAIS APROBADOS POLO GOBERNO DO ESTADO

As medidas que en materia de política económica fixo públicas o goberno do Estado e que se aprobaron en Consello de Ministros o 20 de maio, coas que se pretende reducir o déficit público, concrétanse, entre outros aspectos, na conxelación das pns contributivas para 2011, na redución do salario dos funcionarios e funcionarias nun 5%, na negativa a que se cobre retroactivamente as exudas establecidas na Lei da Dependencia e na supresión do cheque-bebé. Son medidas que significan claros recortes sociais e diminúen o poder adquisitivo da maioría da poboación, e polo tanto reducen o seu poder de compra, o que val dificultar un aumento do consumo e da demanda interna que son fundamentais para saír da crise.

A redución salarial aos funcionarios e funcionarias é unha medida demagóxica, na Uña de que non todos os traballadores e traballadoras da función pública tañen o mesmo salario, non pasando moitos deles dos 700 euros e non superando o 53% dales

os 1000 euros mensuais, pero tamén agocha unha intencionalidade nefasta para o conxunto da sociedade {mis significa avanzar na privatización dos servizos públicos. Mesmamente pártese dunha premisa falsa de que o sector público está sobredimensionado, cando o número de traballadores e traballadoras públicos no Estado é inferior á media da Unión Europea, e que val dificultar a reactivación económica pesto que significa parda do poder adquisitivo e iso val afectar ao comercio, a hostalería e ao conxunto da actividade económica.

A decisión de conxelar en 2011 as pensións contributivas resulta particularmente gravosa en Galiza, xa que contamos cunha poboación envellecida, e as pensión galegas xa se sitúan a cola do Estado. Nesta Jiña hai que lembrar que son precisamente as persoas pensionistas as que se sitúan na cabeza dos índices de pobreza en Galiza, na medida que boa parte dos nosos xubilados e xubiladas cotizaron no réxime especial agrario polo que as súas pensión son baixas.

A supresión das políticas de apoco a natalidade, con independencia de que na súa formulación actual non se atendese a criterios de progresividade e de renda, son necesarias, se atendemos aos problemas demográficos e á necesidade de impulsar a renovación xeracional. Neste sentido consideramos que son precisamente nos momentos de crise económica, cando é máis necesaria a posta en marcha de políticas activas nesta materia polo que consideramos absolutamente inoportuno a supresión do "cheque- bebé", se ben defendemos a súa reformulación a fin de que só algúns tramos de randas se beneficien do mesmo.

Tamén son especialmente negativas o resto de medidas, nomeadamente a supresión da retroactividade no pago das exudas á dependencia, o que significa a alteración mesmo da normativa polo que se implementa esta lei.

O BNG considera que este paquete de medidas económicas, responden a tóxica da dereita, de pretender transfenrie o custo da crise económica as clases traballadoras e aos sectores sociais máis desfavorecidos economicamente, precisamente a aquelas persoas que non tiveron ningunha responsabilidade na crise que se está a vivir e que tampouco se beneficiaron do crecemento especulativo que provocou esta situación. Hai outras saldas a crise económica, pero as propostas do Gobemo entroncan directamente coas políticas do mesmo paradigma neoliberal que provocou a crise.

Hai outras políticas que permiten conter o déficit sen reducir prestacións e servizos sociais. Debe impute a austeridade do gasto público vinculado a un adelgazamento da estrutura administrativa no Estado. Son necesarias medidas como a supresión de Ministerios con competencias cedidas ás Comunidades Autónomas e a supresión das Deputacións Provinciais. Ademais, no gasto militar existe moito marxe para a súa redución, nomeadamente no relativo á presenza de tropas españolas en ocupacións militares noutros países. Pero tamén se pode conter e reducir o déficit mediante un incremento dos ingresos, impulsando unha reforma fiscal que incremente a xustiza, e polo tanto o carácter progresivo do sistema, gravando máis a quen máis ten.

As medidas contidas no Decreto van agravar a situación económica. A perda do poder adquisitivo significa automaticamente unha baixa no consumo o que atrasará a recuperación económica, tal e como recoñeceu o presidente do Gobemo. A prioridade

do Góberno do Estado ten que ser o impulso ao crecemento económico e ás medidas de loita contra o desemprego, e non someterse ao ditado dos mercados.

Esas mesmas prioridades son as que deben guiar a acción da Xunta de Galiza. A total ausencia dunha Xunta que non está nin se lle espera só se ve rachada polas políticas de destrución e privatización de servizos públicos e recortes sociais. A consecuencia destas políticas vímoilas no primeiro trimestre de 2010, onde Galiza é a comunidade que máis incrementa a súa taxa de paro.

Polo tanto, tamén ternos que esixir do Góberno galego un xiro de 180 grados, de xeito que garanta os servizos e as prestacións públicas, e impulse medidas activas para dinamizar a economía e os sectores produtivos, así como para reverter a gravísima tendencia que está a amolar o paro no nono país.

Por iso, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación municipal adoptar o seguinte

ACORDO

1. Instar ao Góberno do Estado a retirar de xeito Inmediato o Decreto aprobado o 20 de maio polo Consello de Ministros, que contén os recortes nas pensións públicas, nos dereitos dos dependentes, a baixada dos salarios dos funcionarios, entre outras.

2. Instar ao Góberno do Estado a que leve a cabo as seguintes medidas:

a) Impulsar medidas que fomenten a austeridade do gasto público vinculado á racionalización administrativa no Estado: supresión de Ministerios con competencias cedidas ás CCAA, redución do papel da Administración periférica do Estado e supresión das Deputacións Provinciais.

b) Acometer unha estratexia de redución do gasto militar, especialmente en gasto corrente e nos derivados da presenza en misións no estranxeiro.

c) Levar a cabo unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema, recollendo as seguintes medidas: introdución dun nono tramo no IRPF para as rendas máis altas, dotar de maior progresividade á tributación das rendas do aforro, restaurar o imposto sobre o Patrimonio e modificar o estatua xurídico das sociedades de investimento colectivo (SICAV). Así mesmo, impulsar un ambicioso plan de loita contra a fraude e a evasión fiscal.

d) Impulsar, no marco da Presidencia Europea da UE, unha maior regulación dos mercados financeiros e a introdución dun imposto que grave os movementos especulativos de capital.

e) Garantir e reforzar os servizos públicos, as pensión e o resto de prestación públicas.

f) Levar a cabo políticas activas na loita contra o paro.

3. Istar a Xunta de Galiza a.

a) Abandonar a súa política de destrución e privatización dos servizos públicos.

b) Adoptar medidas efectivas na loita contra a crise e o desemprego ”

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o sr. Miguel Angel López Varla, voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, quen afirma que o expresado na

moción hai que matizalo, e as medidas adoptadas polo goberno hai que enmarcalas nun período de tempo máis amplo.

Así, por exemplo, as pensións mínimas subiron un 30% dende o 2005 e as de viudedade agora son o dobre. Tampouco é certo que se conxelaran as pensións, senón que non se conxelaron as non contributivas e as mínimas.

A situación actual débese, en gran parte, ao modelo de crecemento económico instaurado polo PP nos seus anos de goberno, baseado no ladrillo e nunha lei do solo que convertía España nun gran solar. En este modelo o solo non se valora polo que é, senón polas expectativas urbanísticas. De aquí ven a especulación urbanística e o abuso do crédito.

Cando chega ao poder o PSOE, aproba unha nova lei do solo cun novo modelo máis sustentable baseado no valor productivo do solo (ano 2007), pero xa era tarde para evitar a crise. Agora, o PSOE está a sentar as bases de outro modelo de crecemento, centrado nas novas tecnoloxías

No que atinxe a proposta de reducir Ministerios, se ben poderíase estudar, realmente non é tan doado, xa que tódolos Ministerios teñen competencias e responsabilidades efectivas das que non se pode prescindir.

Sí que existe a necesidade de afrontar unha reforma fiscal, e dita reforma xa está en marcha, pretendendo gravar as rendas máis altas. As restantes propostas fiscais da moción son asumibles.

Tamén están de acordo en instar a Xunta a rectificar a política de privatización dos servizos públicos.

Rematada a intervención, fai uso da palabra o sr. Pardo Lombao, voceiro do grupo municipal do PP, quen recorda que o PSOE leva seis anos no Gobernando, e o que fixo foi crear máis de dous millóns de parados.

Coa nova lei e aquela de cambio de modelo económico logrou paralizar, non só a construción, senón tamén a agricultura, industria e servizos. E logo de arruinar a economía e ante o déficit insostible, recorta o máis fácil e aos máis débiles; as pensións e aos funcionarios.

Non é aquí o momento de describir unha xestión económica pésima que coñece todo o mundo, pero si de insistir nunhas medidas que xa se plantexaron polo Partido Popular e que non adoptan: rebaixen as subvencións aos partidos políticos e sindicatos, eliminen Ministerios...etc.

Sexan un pouco serios e non vendan aquí medidas e planes de fume que o único que fixeron foi levarnos a esta lamentable situación económica.

Esto é maquillar unha situación insostible, porque cinco millóns de parados é unha cifra insostible. E a raíz do problema ten nome e apelidos: José Luís Rodríguez Zapatero.

Intervén o sr Arcadio, quen afirma que o modelo e a política económica do PSOE e do PP hoxe en día é moi parecida, e o problema radica no modelo económico, que sempre quere cargar os custes sobre os máis débiles. E parece mentira que o PSOE se faga chamar partido socialista. Parece mentira que se diga de esquerdas.

O voceiro do PSOE segue a insistir na suba das pensións polo PSOE e que na causa da crise foi o modelo económico implantado polas leis aprobadas polo PP. Ademais, parécelle increíble que o PP non suba os impostos nas comunidades nas que goberna.

O sr. Pardo considera que se debe excluír a mención a Xunta de Galicia do texto da moción, xa que leva un camiño radicalmente diferente ao do Goberno do Estado, corrixindo o déficit 2000 millóns de euros herdado do bipartito.

Achacar a especulación ao PP é unha burla, cando algún Ministro do PSOE da época de Felipe González alardeaba que España era o país onde máis rápido podía un facerse rico. Se ao final está a criticar o modelo de Solchaga e Solves...

E da situación actual son responsables tanto o PSOE coma o BNG, xa que o segundo apoia en todo ao PSOE. Apoian as mocións presentadas por uno e outro, apoian a investidura de Zapatero, pactan no Goberno en Galicia... E despois queren dicir que non están de acordo co PSOE. Pero os feitos falan.

E os feitos din que cando chegou o Goberno do PP ao poder, había catro millóns de parados e cando deixou o poder había a metade de parados, superhábit e unha economía moi saneada.

E a política social que vende o PSOE é a dos 400 euros que cobra tanto Emilio Botín coma calquer asalariado. Porque ten que ser asalariado para poder cobrar. Ou os 2500 euros que cobra por un fillo tanto unha millonaria como unha traballadora. Isto non é política social.

E por suposto que as comunidades do PP non subirán impostos, porque non queremos arruinar aos cidadáns do país, e porque subir impostos agora é fabricar parados.

E dóelle non poder apoiar a moción, porque nunha situación como a actual non só é para presentar mocións, é para botarse á rúa. Pero a inclusión no mesmo saco a Xunta de Goberno é inaceptable, xa que a Xunta leva unha política de austeridade e credibilidade, e o Goberno do Estado de inseguridade, desconfianza e despilfarro.

Por último, se privatizar servizos é desmatelar os chiringuitos montados polo bipartito, o sr. Alcalde cree que aínda van demasiado lentos.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Efectuada a votación, a moción resulta rexeitada con dous votos a favor da moción, correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG, tres abstencións, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, e seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

10. PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE PRESENTADAS.

A instancias do Alcalde, o Secretario da lectura en viva voz ao escrito de preguntas presentado polo voceiro do grupo municipal do PSOE, con número de rexistro de entrada 2263 e data de 29 de xuño de 2010, do seguinte teor literal:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ao amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno, con relación ao punto da Orde do Día do Pleno da data:

1.- ¿Pode explicar o Sr. Alcalde en que situación se atopa o Deslinde dos Concellos de Outeiro de Rei e Lugo? ¿Pode decir cantas veces se reuniu a comisión de deslinde e que conclusións se sacaron ?

2.- Pode explicar, cales son as prioridades para o Concello de Outeiro de Rei, Programa Innova-TE. Financiado pola DEPUTACIÓN DE LUGO ?

3.- ¿Pode explicar, cal é o motivo do estado no que se atopa o Rio Santa Marta parroquia de Silvarrei ? ¿Tomou o Concello algunha medida ao respecto ?

4.- Vista a situación na que se atopan moitas zonas do Concello de Outeiro de Rei, onde non funciona axeitadamente, a TDT, Pode explicar o sr. Alcalde, que medidas pens, tomar, para arranxar esto ?

5.-¿ Ten constancia o Sr. Alcalde do estado do firme dos camiños seguintes :

a) Camiño que transita na parroquia de Arcos, e que ven grafiado na ortofoto nº1 que se adxunta .

Dado que é un camiño de certa importancia para o desenrolo da zona, o seu firme está moi deteriorado. Podería explicar, ¿cando ten pensado realizar o arranxo do mesmo?.”

O Alcalde resposta o seguinte:

A Comisión de deslinde non se reuniu nesta lexislatura porque non houbo resposta da Comisión de deslinde do Concello de Lugo.

Polo que respecta ao programa INNOVATE, e ao igual que en casi todo, (como no desbroce dos camiños), a Deputación chega tarde, xa que a Mancomuniade da Terra Chá, a través do Plan Avanza, contratou o seu propio sistema de teleadministración.

No tocante ao estado do río Santa Marta, non coñece ningunha incidencia recente, e a medida que adoptou o concello foi facer, xa fai algún tempo, un colector pola súa beira para evitar verquidos. No tocante a limpeza do cauce debe indicarse que non é unha competencia municipal.

No relativo a TDT, no termo municipal existe algún punto no que todavía existen problemas de cobertura que se están a arranxar. Pero esta situación débese a que o Goberno do Estado obcecouse en adiantar a posta en marcha da TDT sen preocuparse en garantir a total cobertura no territorio nacional, e trasladando aos concellos un problema que está fora da súa competencia.

Esta é unha chapuza máis as que nos teñen tristemente acostumado o Goberno do Estado.

Por último, informa que o camiño ao que se fai referencia na pregunta foi arranxado nun tramo polo concello. A totalidade das vivendas da zona xa teñen acceso a camiño asfaltado. Pero para arranxar o tramo restante do camiño, os veciños teñen que ceder para poder ensanchalo, xa que cando se arranxou a parte máis ancha, duns tres metros, o camión tivo que entrar marcha atrás, con moita dificultade e rompendo os espellos. Polo que non se pode arranxar se non se ensancha.

En calquer caso se trata dun camiño de acceso a fincas e, polo tanto, non é prioritario. Pese ao que informa que en ningún caso o concello deixou de arranxar un camiño no que os veciños cedesen terreos para ensanchar e o solicitasen.

Conclúe que se os veciños fan a cesión de terreos e queren que se arranxe, que o fagan saber cando queiran, que o concello arranxará o camiño.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as quince horas e vinte cinco minutos.

O Secretario

VºBº, O Alcalde

Asdo.: José María Vázquez Pita. Asdo.: José Pardo Lombao.